



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CONSELLERÍAS DE POLÍTICA SOCIAL E DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN ABUSO E MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL), PARA A FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO EIDO DA VIOLENCIA SEXUAL INFANTIL

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, e don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no uso das facultades que lles veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

E, doutra parte, dona Aida Blanco Arias, en calidade de representante legal da Asociación AMINO.Gal, acreditado con poder notarial bastante segundo a escritura da constitución desta entidade, con CIF G27805522 e con domicilio social na rúa Rúa Policarpo Sanz núm. 17, 2º B, 36201 de Vigo.

Todas as partes interveñen no nome e representación dos seus órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN





Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas, así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política social e económica, a obriga dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo aprobadas en virtude da dita competencia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia e menores.

En concreto, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. a) e b) do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, o





exercicio das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, e en concreto, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil e, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, e o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Quinto. A Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno reconece o dereito de todos os nenos e nenas a ser protexidos de "toda forma de explotación sexual e abuso sexual". Sen embargo, estímase que 1 de cada 5 nenos é vítima de explotación ou abuso sexual polo menos unha vez na súa vida: isto inclúe distintos graos de agresión sexual, ademais de pornografía e prostitución.

Segundo a organización "Save The Children", estímase que un 23% das nenas e un 15% dos nenos sofre abusos sexuais antes dos 17 anos en España.

Ademais hai unha serie de factores clave que inflúen decisivamente nas dificultades de denuncia e persecución. Trátase de delitos que cometen as persoas de máis confianza dos menores, exercendo un poder que eles non poden controlar, sendo moitas veces inconscientes do que lles está ocorrendo. Con todo, estes feitos velados e moitas veces silenciados, producen uns efectos psicolóxicos devastadores así como unha nefasta influencia no seu desenvolvemento evolutivo.

Corresponde aos poderes públicos romper este círculo vicioso e protexer aos nenos e nenas da violencia sexual. Requírense accións apropiadas a nivel lexislativo, administrativo e político. Resolto a contribuír de maneira efectiva á meta común de protexer aos nenos e de proporcionar apoio ás vítimas, o Consello de Europa redactou o Convenio para a protección dos nenos contra a explotación sexual e o abuso sexual (Convenio de Lanzarote).

Este instrumento de gran alcance é o primeiro tratado internacional que esixe medidas lexislativas de carácter penal na materia, inclusive para os abusos cometidos dentro do propio





fogar ou a familia. A este respecto, o Convenio pecha as lagoas na lexislación europea e é un excelente recurso con miras a harmonizar de maneira eficiente a lexislación nacional.

O punto central deste Convenio é a protección dos nenos: céntrase na súa totalidade nos seus dereitos, asegura o seu benestar, dá prioridade ás súas necesidades, considera as súas perspectivas e actúa a favor do interese superior do menor.

O Convenio de Lanzarote entrou en vigor de forma xeral o 1 de xullo de 2010 e entrou en vigor en España o 1 de decembro do mesmo ano.

O 29 de novembro do ano 2010 o Consello de Europa inicia en Roma a Campaña contra a violencia sexual infantil “Un de cada Cinco”, que persegue os seguintes obxectivos:

- Promover a firma, ratificación e aplicación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual.
- Proporcionar aos nenos, ás súas familias e coidadores e á sociedade, coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e, deste modo, crear conciencia acerca de todo o que constitúe violencia sexual contra as persoas menores de idade.
- Acadar que todos os sectores, ámbitos e axentes directa e indirectamente relacionados coa atención a nenos, nenas e adolescentes se involucren na prevención do abuso sexual contra persoas menores de idade, creando unha rede de prevención.

En España a Campaña está a ser coordinada pola Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil (FAPMI) coa colaboración do Ministerio de Sanidade.

Sexto. Entre os principios reitores dos poderes públicos de Galicia o artigo 38 da Lei 3/2011, do 30 xuño, recolle o fomento da solidariedade e a sensibilidade social ante as dificultades que afecten á infancia e á adolescencia, ao obxecto de previr a marxinación e a explotación infantil,





así como calquera manifestación de abuso, acoso e maltrato físico, psíquico ou emocional, e impulsar o papel da sociedade civil na defensa dos dereitos e liberdades das e dos menores.

No mes de novembro de 2014 a Xunta de Galicia adheriuse formalmente á Campaña 1 de cada 5, o que supón un apoio das diferentes áreas de atención social, educativa, sanitaria, xudicial ou de seguridade ás nenas e nenos vítimas de agresión sexual.

Sétimo. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidade.

Oitavo. A Asociación “Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia. AMINO.Gal” foi constituída o 26 de xuño do ano 2014 por un grupo de profesionais de diferentes ámbitos (sanidade, educación, servizos sociais, xustiza...) da Comunidade Autónoma de Galicia. É unha asociación sen ánimo de lucro que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable.

No seu estatuto contéplase entre os seus fins a sensibilización, información, asesoramento e promoción sobre o maltrato infantil.

A Asociación “Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia. AMINO.Gal”, está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número de rexistro E6219, desde o 22/07/2015, como asociación de iniciativa social.

Ademais, AMINO.Gal é a única asociación galega que pertence á Federación de Asociacións para a Prevención dos Maltrato Infantil (FAPMI).

Esta entidade é titular do Programa “ Poñendo as lentes para a protección da infancia”.

Noveno. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do





8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Décimo. Todas as partes expresan a súa vontade de colaborar conxuntamente, dentro do ámbito propio de cada unha delas, en iniciativas e accións de interese común. E é desexo de todas as entidades subscribir un acordo para difundir a Campaña do Consello de Europa “Un de cada Cinco” de prevención contra a violencia sexual contra a infancia en Galicia, concienciar ao profesorado e as familias sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade e proporcionar ferramentas de prevención ao profesorado, alumnado e familias.

Décimo primeiro. O programa adecúase ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e complementa de xeito importante os programas que esta desenvolve no eido da protección dos menores.

Tendo en conta a especificidade da actividade que se vai financiar, por razón do colectivo ao que vai dirixida e a ausencia no ámbito territorial de entidades que dispoñan de infraestrutura material e dos medios humanos esixibles, considérase idónea á Asociación AMINO.Gal pola súa experiencia no ámbito da formación, asesoramento e atención ás familias, a organización de xornadas e seminarios, así como a impartición de cursos a diferentes perfís profesionais.

Tamén se considera fundamental a participación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no senso que esta consellería porá a disposición da entidade os medios necesarios para organizar as actividades obxecto deste convenio nos distintos centros educativos.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.





Así mesmo, o artigo 31.2 en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

En virtude do exposto, as partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación “Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia. AMINO.Gal”, para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do programa “POÑENDO AS LENTES PARA A PROTECCIÓN DA INFANCIA”, programa que leva a cabo a Asociación AMINO. Gal para a difusión da Campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra a infancia “UN DE CADA CINCO” en centros de ensinanza de educación infantil, primaria e educación especial de Galicia.

O programa “Poñendo as lentes para a protección da Infancia” ten como obxectivo concienciar e sensibilizar aos profesionais do ámbito educativo sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade, proporcionar as ferramentas de prevención e detección do abuso sexual infantil aos profesionais do ámbito educativo de Galicia e promover un contexto social de rexeitamento e unha adecuada resposta ante calquera forma de violencia sexual contra a infancia.





SEGUNDA. DESTINATARIOS/AS DO PROGRAMA

As persoas destinatarias do programa son:

- Persoas destinatarias directas:

Profesionais de todos os centros de Educación Infantil, Primaria e Especial (mestres/as, orientadores/as, coidadores/as)

- Persoas destinatarias-indirectas:

Os nenos e nenas dos centros educativos e as familias.

TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

Os obxectivos do programa son:

- Concienciar e sensibilizar ao profesorado e as familias sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade.
- Proporcionar ferramentas de prevención do abuso sexual ao profesorado, alumnado e ás familias.
- Proporcionar ferramentas de detección do abuso sexual ao profesorado e ás familias.
- Dar a coñecer a mensaxe e os materiais da campaña do Consello e de Europa “Un de cada Cinco”.

A execución do programa comprenderá os seguintes contidos:

- Constitución dos grupos de traballo: Dúas persoas nomeadas por AMINO.Gal coordinarán o programa e cada coordinadora nomeará a dúas persoas colaboradoras que formarán parte dos dous grupos. As coordinadoras terán encomendadas funcións de formación, supervisión e avaliación do programa. Cada grupo de traballo estará formado





así por tres persoas e constituirá un grupo na zona norte (provincias da Coruña e Lugo) e un grupo na zona sur (provincias de Ourense e Pontevedra) Estes grupos porán en marcha o programa de concienciación dos profesionais dos centros educativos.

- A formación dos/as colaboradores/as: Realizarase previamente unha formación presencial específica en dous días por parte de AMINO.Gal sobre Abuso Sexual Infantil. Ademais tamén se facilitará material para realizar parte da formación a distancia. Os colaboradores impartirán sesións formativas nos centros educativos, reportaran calquera incidencia ás coordinadoras e rexistrarán toda a información de cada sesión formativa.
- Difusión e dixitalización do proxecto: A publicidade do proxecto configurarase como unha labor necesaria para dar a coñecer o programa tanto aos colectivos implicados como á sociedade en xeral.
- Actuacións cos centros educativos: As ditas actuación abranguerán tanto os contactos cos centros educativos, para explicarlle o contido do programa, como a celebración das correspondentes xornadas formativas.
- Análise dos resultados: Nesta fase levarase a cabo a recollida de datos (número de centros educativos convocados, número de centros participantes, número de profesionais como a utilización de indicadores cualitativos como son: o coñecemento previo da “ Campaña 1 de cada 5” e a valoración dos mestre/as da charla recibida para finalizar coa elaboración da memoria anual.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente e a súa programación reflíctese no anexo II.

QUINTA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN AMINO.GAL

A Asociación AMINO.Gal deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, e comprométese ademais a:





1. Seleccionar e nomear as persoas coordinadoras por zonas. Zona norte: A Coruña e Lugo.
Zona sur: Ourense e Pontevedra.
2. Seleccionar as persoal colaboradoras. Estas persoas serán elixidas e nomeadas polas coordinadoras entre as persoas voluntarias neste programa nos cursos académicos 2018/2019 e 2019/2020.
3. Formar aos colabores/as.
4. Contacto cos centros educativos.
5. Formación nos centros educativos.
6. Realizar a difusión da campaña nos centros educativos.
7. Realizar unha avaliación final do programa, aportando unha análise cuantitativa e cualitativa.
8. Coordinarse coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para organizar as xornadas de formación nos centros educativos de Educación Infantil, Primaria e Especial.
9. Coordinarse coa Consellería de Política Social para o correcta difusión e desenvolvemento do programa.
10. Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do menor sobre calquera outro.
11. Elaborar unha memoria anual dentro do mes seguinte á finalización do Convenio, que inclúa como mínimo as actividades realizadas, os recursos empregados e a valoración global de resultados.
12. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo





requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei..

SEXTA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.

Para o desenvolvemento do programa as Consellerías de Política Social e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilitarán a súa posta en marcha, tanto nos aspectos relacionados coa súa formación, divulgación, sensibilización como no tocante a súa difusión, sendo a Consellería de Política social quen fomente o dito programa a través da concesión dunha subvención.

SETIMA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa a Asociación AMINO.Gal disporá de persoal especializado de acordo co seguinte:

1. Persoal coordinador.

A Xunta Directiva de AMINO.Gal designará e nomeará dous coordinadores/as do programa, un/unha para a zona norte e outro/a para a zona sur, preferentemente entre os seus membros.

2. Persoal colaborador.

O coordinadores seleccionaran e nomearán catro colaboradores dous por cada grupo traballo (zona norte e zona sur) .

O persoal que a Asociación AMINO.Gal poña a disposición deste programa en ningún caso actuará baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e traballadoras e exercerá respecto destes o





correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregadora.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

NOVENA. CONDICIÓNS ECONÓMICAS

Para a realización de actuacións obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social achegará a cantidade de douscentos un mil, catrocentos oitenta e un mil euros con oitenta céntimos **(201.481,80 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **13.02.312B.481.0**, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 20 de novembro de 2020 distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2021: 72.220,60 €. **Ano 2022: 64.630,60 €.** **Ano 2023: 64.630,60 €**

A dita achega económica limitarase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico.

A devandita cantidade destinarase a soportar os gastos que aparecen desagregados no Anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe da partida sinalada, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

Ano 2021: 72.220,60 €
Poderanse realizar pagamentos a conta, ata un máximo de 57.776,48 € (80% da cantidade subvencionada no 2021), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio. De esta cantidade: • 15.000,00 €. Serán satisfeitos como anticipo no intre no que se asine o convenio para cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante facturas antes do derradeiro pagamento. • 42.776,48 € Ata o límite desta cantidade poderanse realizar parcialmente a medida que se xustifique a realización de actividades descritas neste convenio. Os 14.444,12 € (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaránse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada no ano 2021.
Ano 2022: 64.630,60 €
Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 51.704,48 € (80% da cantidade subvencionada no 2019), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio. Os 12.926,12 € (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaránse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada no ano 2022.
Ano 2023: 64.630,60 €
Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 51.704,48 € (80% da cantidade subvencionada no 2020), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio. Os 12.926,12 € (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaránse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada no ano 2023.





A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables deben xustificarse de conformidade co previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgara consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Estes documentos serán cotexados por parte do órgano encargado do control da documentación presentada, e estampados cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.





- d) Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria.
3. En canto aos custos salariais, a entidade AMINO.Gal deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:
- a) Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- b) Recibos de salarios.
- c) Documentos TC2 e TC1 dos/as traballadores/as correspondentes ao meses imputados.
- d) Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade que se imputará á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a técnico, cando este/a dedica o total da xornada a desenvolver tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalarais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non gozadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.





Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do/a traballador/a titular subvencionaranse os custos que ocasiona o/a traballador/a que substitúe ao traballador ou á traballadora titular.
 - No caso de que non se substitúa o/a traballador/a titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento).
4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a entidade AMINO.Gal autoriza á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a súa verificación a través dos medios electrónicos dispoñibles.

O prazo máximo de xustificación é o 20 de decembro de cada ano de vixencia do convenio. No caso da xustificación relacionada cós pagos dos salarios do mes de decembro, (TC1, TC2, etc.) a presentación de ditos xustificantes poderá facerse durante o mes de xaneiro do ano seguinte.

A entidade AMINO.Gal, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

O custo do convenio imputarase a partida orzamentaria 2020.13.02.312B.481.0 en virtude do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a **tramitación anticipada** de expedientes de gasto, quedando sometida a súa execución á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente na dita partida.





DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN E CONTROL

A Asociación AMINO.Gal someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Asociación AMINO.Gal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

DÉCIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión e a actualización da información da Carpeta Cidadá.





O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio

No marco da concesión da subvención os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados ao órgano responsable da BDNS, a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa finalidade da promoción de transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Asociación Amino.Gal tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. A Asociación Amino.Gal será cesionaria da información que lle subministre a Consellería e será responsable do tratamento da información. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO





Para o seguimento da execución do convenio e o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poida xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta conforme ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e que estará integrada por representantes das partes. No caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito ao titular da Consellería de Política Social.

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e os respectivos suplentes, designados polo titular da dita Consellería .
- Dous representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e os respectivos suplentes, designados polo titular da dita Consellería.
- Dous representantes da Asociación AMINO.Gal e os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Presidirá a dita comisión o/a titular da Subdirección Xeral competente en materia de Política Familiar, Infancia e Adolescencia e actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A Comisión reunirse polo menos dúas veces ao ano: unha trala sinatura deste convenio e outra trala edición da Memoria Anual. Ademais, reuniranse cantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS





O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido ao disposto no artigo 11, sobre deberes dos beneficiarios, no artigo 17.3, sobre financiamento das actividades subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no establecido ao longo das cláusulas deste convenio, sendo aplicables os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión mixta de seguimento serán resoltas polo titular da Consellería de de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición-contencioso administrativa.





DÉCIMO QUINTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento dos obxectivos do programa desenvolto ao abeiro deste convenio.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos da resolución do convenio estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEXTA. PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de





xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan dixitalmente

A conselleira de Política Social	O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade	A Presidenta de AMINO.Gal
----------------------------------	---	---------------------------

Fabiola García Martínez
(asinado dixitalmente)

Román Rodríguez González
(asinado dixitalmente)

Aida Blanco Arias
(asinado dixitalmente)





ANEXO I

Concepto	2021	2022	2023	TOTAL
Equipamento informático	2.690,00 €	0,00 €	0,00 €	2.690,00 €
Difusión e dixitalización do proxecto	11.520,00 €	6.620,00 €	6.620,00 €	24.760,00 €
Póliza de seguro	600,00 €	600,00 €	600,00 €	1.800,00 €
Desprazamento e dietas	8.760,00 €	8.760,00 €	8.760,00 €	26.280,00 €
2 liñas teléfono	720,00 €	720,00 €	720,00 €	2.160,00 €
Honorarios personal colaborador formador	9.600,00 €	9.600,00 €	9.600,00 €	28.800,00 €
2 contratos coordinación 1/2xornada	36.521,60 €	36.521,60 €	36.521,60 €	109.564,80 €
Xestoría	1.089,00 €	1.089,00 €	1.089,00 €	3.267,00 €
Formación	720,00 €	720,00 €	720,00 €	2.160,00 €
	72.220,60 €	64.630,60 €	64.630,60 €	201.481,80 €



ANEXO II

PROGRAMA

1. INTRODUCCIÓN

A Asociación AMINO.Gal formouse no ano 2014 para dar resposta a unha necesidade de visibilización da realidade do maltrato e o abuso sexual infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

O maltrato e o abuso sexual infantil é unha das vulneracións dos dereitos mais graves que poden suceder. Este abuso pon en evidencia que o entorno que debería ser protector non o foi, truncándose desta maneira o desenvolvemento saudable dun neno ou nena e podendo arrastrar consecuencias negativas ó longo da súa vida. Por este motivo é tan importante unha actuación eficaz para previlo e detectalo canto antes. Esta actuación é responsabilidade de tódolos adultos, por iso debemos abordalo dende tódolos ámbitos, por suposto tamén dende os centros educativos.

A escola xoga un papel fundamental no desenvolvemento dos nosos nenos e nenas. Na escola non só adquirimos os coñecementos relacionados co ámbito académico e cultural, senón que é un lugar onde a convivencia e relación cos iguais e a figura do profesor ou profesora como persoa adulta de referencia contribúe ó noso desenvolvemento emocional e psicoafectivo e ó noso xeito de relacionarnos cos demais e con nos mesmos.

O obxectivo principal deste proxecto é que dende a Asociación AMINO.Gal sensibilicemos e formemos a tódolos profesionais que traballan nos centros educativos de Galicia (Mestres/as, Coidadores/as, Orientadores/as, Monitores/as, etc.), proporcionándolles as ferramentas necesarias para previr e detecta-lo abuso sexual en nenos e nenas.

Esta formación hoxe en día é unha necesidade urxente, xa que os datos xerais de poboación infantil e adolescente reflicten que arredor dun 20% das persoas sofren algunha forma de violencia sexual antes de cumprir os 18 anos.

É necesario abordar esta temática con nenos e nenas, para que, xunto con outros valores que se inculcan na escola, logren ser emocionalmente fortes e capaces, e iso lles axude a identificar e saber afrontar as situacións de risco que poidan vivir, mediante a aprendizaxe e a interiorización das ferramentas necesarias para facer unha prevención eficaz da violencia e abuso sexual infantil,





así como a que tódolos menores coñezan os límites que se deben respectar e os protocolos que se deben seguir en caso de que se vexan implicados.

Dende AMINO.Gal pretendemos que este proxecto sexa unha continuación do Programa “Poñendo os Lentes para a Detección da Infancia”, que se iniciou no 2018 é gracias o cal se formaron mais de 2000 profesionais educativos nas 7 cidades mais grandes de Galicia. O noso obxectivo é que cada vez existan mais personas sensibilizadas e formadas neste ámbito, cos lentes do abuso postos, para saber detectar e frear este tipo de situacións e poidamos de verdade protexer aos nosos menores.

2. FUNDAMENTACIÓN

A evolución e desenvolvemento dos dereitos da infancia se corresponde co nivel de desenvolvemento alcanzado na sociedade no referente ós dereitos humanos e dereitos sociais.

Os textos legais traducen os valores dunha sociedade nun momento dado e, no noso caso, nos sinalan o concepto e tratamento do menor en cada época.

É a finais do século pasado cando, por parte dos Estados, se comeza a recoñecer a existencia de necesidades específicas da infancia, é dicir, o dereito de todo neno e nena, polo feito de selo, a recibir atención, primando os seus dereitos como persoas.

A Normativa Internacional

As medidas internacionais para a protección da infancia foron practicamente inexistentes ata o século XX. É a partir desta época cando se inicia un desenvolvemento normativo internacional que será progresivamente ratificado e incorporado ó marco legal dos diferentes Estados.

Declaración dos dereitos do neno

A primeira Declaración dos Dereitos do Neno, coñecida como a Declaración de Xenebra, data de 1924.

Esta medida internacional xorde con posterioridade á Primeira Guerra Mundial, vinculada ós primeiros movementos na defensa dos dereitos do neno, quizais como reacción ás grandes calamidades e traxedias que a Gran Guerra ocasionou na infancia, e fai recaer sobre o Estado e a sociedade a responsabilidade de asegurar o futuro dos menores.





A Declaración dos Dereitos do Neno foi aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1959.

A Convención dos Dereitos da Infancia

Aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Estado Español o 30 de novembro de 1990, A Convención recolle os principios contidos na Declaración dos Dereitos do Neno de 1959 e os completa, cubrindo os baleiros existentes e creando un instrumento internacional obrigatorio polo que os estados que a ratifican se comprometen formalmente a respectar os dereitos e deberes enunciados, pasando a formar parte do dereito interno dos países.

A Normativa Estatal

Ley Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor e de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil.

Este é un texto fundamental na materia de protección ós menores de idade. Se integra no mesmo a corrente lexislativa que ten como base un maior recoñecemento do papel que os menores desenvolven na sociedade actual, co obxectivo último de consagrar o interese superior dos mesmos.

Xa non se considera, según declara a súa Exposición de Motivos, que o menos sexa un suxeito pasivo, senón que se tende ó pleno recoñecemento da titularidade dos seus dereitos e dunha capacidade progresiva para exercelos.

Con esta filosofía de actuación se pretende que os menores poidan construír progresivamente unha percepción de control acerca da súa situación persoal e da súa proxección de futuro.

Xa non se considera, según declara a súa Exposición de Motivos, que o menos sexa un suxeito pasivo, senón que se tende ó pleno recoñecemento da titularidade dos seus dereitos e dunha capacidade progresiva para exercelos.

Con esta filosofía de actuación se pretende que os menores poidan construír progresivamente unha percepción de control acerca da súa situación persoal e da súa proxección de futuro.

3. XUSTIFICACIÓN





A OMS define a violencia como “o uso deliberado da forza física ou o poder, xa sexa en grado de ameaza ou efectivo, contra un neno, nena ou adolescente por parte dunha persoa ou un grupo, que cause ou teña moitas probabilidades de causar prexuízo efectivo ou potencial á saúde do neno, nena ou adolescente, á súa supervivencia, desenvolvemento ou dignidade”.

Dentro dos distintos tipos de violencia a OMS define a violencia sexual como “todo acto sexual, a tentativa de consumir acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as accións para comercializar ou utilizar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo”.

Coa finalidade de dar os primeiros pasos para acabar con esta terrible lacra, o 25 de outubro de 2007, tódolos Estados europeos ratificaron o Convenio de Lanzarote: tratado multilateral do Consello de Europa mediante o cal os estados acordan criminalizar certas formas de abuso sexual infantil que ocorren na familia, fogar ou círculo de confianza. Este informe baséase nos datos proporcionados polas autoridades nacionais e as ONG.

Como se pode observar, o maltrato e o abuso sexual infantil engloba numerosos aspectos, non solo se produce no fogar, senón que pode darse en calquera entorno no que o menor desenvolva a súa vida, o ámbito educativo, social, sanitario, deportivo, etc., polo tanto o tema é complexo á hora de identificar as causas do problema e a súa procedencia.

Dende a experiencia de AMINO.Gal, se detecta que seguen existindo carencias educativas en moitos ámbitos nos que se desenvolve o menor, o ámbito da escolar é un deles.

Debemos resaltar tamén que hoxe en día pouco a pouco vai aumentando a sensibilización sobre esta terrible lacra social e que o compromiso de moitos profesionais do ámbito educativo lévalles a interesarse por este fenómeno solicitando formación sobre o tema.

Este interese está empezando a dar froitos na medida en que parecen incrementarse os casos detectados sobre os que se teñen sospeitas, pero existen certas dificultades que debemos resaltar: 1) dificultades para identificar unha situación de maltrato e de abuso sexual en particular; 2) dificultades para atopar información contrastada e científica ó respecto; 3) dificultades para atopar programas formativos que capaciten ós profesionais e axentes do sector para identificar ditas situación e actuar adecuadamente. Non hai unha formación específica para os profesionais da educación que traballan coa infancia e a adolescencia ou se segue tratando o tema da prevención do maltrato e abuso sexual infantil como tabú ou algo que non sucede e 4) dificultades para identificar fontes de asesoramento e información eficaces que lles permitan





reducir a incertidume propia á necesidade de ter que responder adecuadamente ante un posible caso.

Ante esta situación, dende AMINO.Gal consideramos que a sensibilización, prevención e formación na detección precoz do abuso sexual infantil e o fomento do bo trato na infancia é unha tarefa necesaria, non solo para incrementar a calidade de vida da infancia e adolescencia, senón necesaria para a mellora da familia e a sociedade en xeral. Pero para que todo isto sexa unha realidade e chegue a converterse nun hábito diario, necesitamos profesionais formados dentro de tódolos ámbitos, especialmente no ámbito educativo.

Non debemos esquecer que todo neno e toda nena, polo feito de selo, vive nunha situación de vulnerabilidade, xa que carecen de voz para poder denunciar ditas situación e que detrás dun neno ou nena maltratado/a, hai unha persoa que maltrata e outra que cala.

4. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

Concienciar e sensibilizar ós profesionais do ámbito educativo de Galicia sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade.

Proporcionar ferramentas de prevención e detección do abuso sexual infantil aos profesionais do ámbito educativo de Galicia.

Promover un contexto social de rexeitamento e unha adecuada resposta ante calquera forma de violencia sexual contra a infancia.

Obxectivos específicos

Sensibilizar e formar ós profesionais que traballen nos centros educativos a través do marco legal definido polo Convenio do Consello de Europa para a protección contra a violencia e o abuso sexual infantil, sobre a prevención, detección e notificación o sospeita de casos de abuso sexual infantil. Ademais da súa gravidade, significado e tipoloxías, mitos e realidades e os diferentes indicadores de abuso sexual identificables nas aulas.

Dar a coñecer a mensaxe e os materiais da campaña do Consello de Europa “Un de cada Cinco” e o material elaborado por AMINO.Gal “Escuela de Detectives”, para a prevención do abuso sexual infantil, así como amosar o xeito de implementalos nas aulas co alumnado.





5. LOCALIZACIÓN

O ámbito de actuación deste proxecto será a Comunidade Autónoma de Galicia. A formación se ofrecerá en cada un dos centros de Educación Infantil, Primaria e Especial (exceptuando aqueles onde xa se fixo), comezando polos concellos de maior poboación.

6. POBOACIÓN / BENEFICIARIOS

Podemos distinguir os destinatarios do proxecto en beneficiarios directos e indirectos:

Beneficiario/as directos/as: Profesionais dos centros de Educación Infantil, Primaria e Especial (Mestres/as, Orientadores/as, Monitores/as, Coidadores/as, etc.) Beneficiario/as indirectos/as: Os nenos e nenas de ditos centros, así coma a sociedade galega en xeral.

Estímase un total de 695 centros nos que se ofrecerá a formación.

PROVINCIA	CENTROS TOTAIS	2021	2022	2023
A CORUÑA	266	89	89	88
LUGO	100	34	33	33
OURENSE	85	29	28	28
PONTEVEDRA	244	82	81	81
	695	234	231	230

Táboa 1. Poboación

A selección de centros en cada etapa se realizará en función da poboación, sendo na primeira etapa na que se seleccionarán aqueles concellos de maior poboación.

7. DURACIÓN

3 etapas divididas en 3 anos

- 1ª etapa: xaneiro 2021 - Decembro 2021
- 2ª etapa: xaneiro 2022 - Decembro 2022





- 3ª etapa: xaneiro 2023 - Decembro 2023

8. PLANIFICACIÓN

Data de inicio: xaneiro de 2021

Data de finalización: decembro de 2023

INICIO DO PROGRAMA

Constitución grupos de traballo

Dúas persoas nomeadas por AMINO.Gal coordinarán o programa:

- Coordinadora da zona norte (provincias da Coruña e Lugo)
- Coordinadora da zona sur (provincias de Ourense e Pontevedra)

Cada coordinadora nomeará a 2 persoas que formarán parte dos dous grupos de traballo. Polo que haberá un grupo de traballo de 3 persoas en cada zona.

Formación dos/as colaboradores/as

Se realizará unha formación presencial específica en dous días por parte de AMINO.Gal sobre Abuso Sexual Infantil. Ademais tamén se facilitará material para realizar parte da formación a distancia.

Difusión e dixitalización do proxecto

A publicidade e difusión do Proxecto configúrase como un labor necesario para dalo a coñecer tanto aos colectivos implicados coma á sociedade en xeral. Para iso utilizaranse:

- Dípticos, folletos, impresión, fotocopias...
- Envío de material ós centros
- Artigos de Prensa, radio e televisión
- Creación dunha páxina web do Proxecto onde se vaian plasmando as diferentes actuacións.
- Plataforma web de coordinación
- Dixitalización das enquisas de avaliación a través da plataforma web
- Redes sociais

ACTUACIÓNS COS CENTROS EDUCATIVOS





Contacto cos centros educativos

Dende a coordinación de cada zona enviaranse, a cada centro educativo, un email dirixido ao equipo directivo onde se lles explicará brevemente o obxectivo do Programa, así como adiantarlles que se volverá a contactar con eles para concertar unha data de celebración da xornada formativa.

Sesións formativas

Cada persoa do grupo de traballo se reunirá no centro co equipo docente para instruírle no concepto do ASI, como detectalo e como evitalo a través do material da “Regra de Kiko” e de “Escuela de Detectives” na aula. Esta presentación terá unha duración aproximada de dúas horas e darase a opción de que sexa presencial ou en directo a través de internet.

ANÁLISE DE RESULTADOS

Recollida de datos

Para coñecer o alcance do proxecto teremos en conta os seguintes datos:

- Número de centros educativos convocados
- Número de centros educativos participantes
- Número de mestres/as participantes
- Número de mestres/as que teñen intención de poñer en práctica o material de prevención co seu alumnado

Ademais contaremos con indicadores cualitativos que nos aportarán outro tipo de información:

- Coñecemento previo da “Campaña 1 de cada 5”
- Valoración dos mestres/as da charla recibida

Memoria anual

Despois de face-las recollidas de datos, se procederá á súa análise para a elaboración dunha memoria anual.

